



**Recuperar
+
Avanzar
+
Loitar
=
DEREITOS**

Manifestación histórica en O



Compostela o 24 de outubro

Miles de docentes reclámanlle á Consellaría que rectifique e negocie melloras reais para o ensino público galego



Clamor pola recuperación de dereitos na marcha docente máis numerosa dos últimos 20 anos


Na marcha con saída desde a Praza de Cervantes até a Consellaría, celebrada o pasado 24 de outubro, duplicouse a asistencia con respecto á convocada hai catro anos por seis sindicatos, o que pon de manifesto a fartura do profesorado e que rexeita o “Acordo de renuncias”.

Malia o vento e a choiva incesantes a manifestación convocada polos sindicatos CIG-Ensino, STEG e CSIF foi **a máis multitudinaria nos últimos anos e duplicou en asistencia á convocada en decembro de 2019** polas seis organizacións con representación no ensino público galego, centrada daquela na recuperación do horario lectivo. Esta asistencia masiva, en opinión das **tres organizacións convocantes que representan o 59% do profesorado en delegados e delegadas e máis do 60% en votos**, indica que o colectivo docente está farto de recortes e en contra do Acordo asinado pola Xunta e os tres sindicatos no que se renuncia a recuperar o horario lectivo que desde hai 14 anos lle foi roubado aos mestres e mestras e desde hai 12 ao profesorado do resto de ensinanzas.

A marcha tardou mais de media hora en atravesar a rotonda que hai á entrada dos edificios da Xunta de San Caetano e contou con profesorado chegado de todas partes de Galiza e de todos os niveis e etapas educativas. Deuse a paradoxa de que seguían a chegar participantes cando xa concluíran as intervencións finais das organizacións convocantes.

División sindical e división do profesorado

Tal e como indicou o secretario nacional da CIG-Ensino, Suso Bermello, “a Consellaría de Educación é a principal responsábel da división do profesorado e tamén da división sindical que se produciu durante as negociacións que se pecharon en falso cun acordo que renuncia de facto a recuperar o horario lectivo, e que nos deixa **á cola do Estado, xunto con Madrid** que sen embargo si acometeu nos últimos cursos a baixada de ratios, no mantemento das 25 horas en primaria e infantil e nas 20 no resto de etapas. Pero está claro que para que se producira esta división precisouse da complacencia dos tres sindicatos que durante a última década participaron en mobilizacións, peches e folgas por este tema e que veñen de claudicar renunciando á súa recuperación”.





O secretario nacional da CIG-Ensino insistiu en que **a rebaixa a 23 horas lectivas en infantil e primaria non vai supoñer nin un só mestre ou mestra máis porque os catálogos dos centros están deseñados desde o ano 2007 para un máximo de 21 horas lectivas**, polo que mesmo volver a este horario tampouco tería incidencia a nivel de incremento do persoal. No caso das outras ensinanzas a rebaixa a 18 horas si tería asociada unha suba significativa do número de efectivos que se precisarían para atender o alumnado de secundaria, bacharelato, FP e ensinanzas de réxime especial.

O mesmo acontece co tema das ratios. O vindeiro curso só comezará a aplicarse a rebaixa de 25 a 20 por aula en 4º de infantil, é dicir, **ningún alumno ou alumna que estea nestes momentos no sistema educativo se beneficiará desta baixada, que tardará 9 anos en culminarse en primaria e para a que non hai data de aplicación na ESO e en**



Bacharelato porque se difire a súa negociación até que remate dentro de tres anos a aplicación en infantil. “Para o resto de ensinanzas, incluída a FP básica, ciclos formativos, ensinanzas de adultos e a distancia, **NADA**”, enfatizou Bermello, quen tamén foi moi crítico coa división que se establece neste acordo no apartado retributivo. “Quen máis verá incrementado o seu salario serán membros da inspección, dos equipos directivos e das asesorías da Consellaría, así como un 15% de todo o profesorado galego, que é o que ten 5 sexenios”. Para unha cuarta parte do total a única suba que haberá será de 10 euros ao mes, a repartir entre 2024 e 2025 e lembrou que “coma sempre é a administración a que introduce o tema dos cartos na negociación como unha maneira de querer comprarnos, pero está claro, e así o demostra o feito de que hoxe sexamos moitas máis voces as que estamos aquí que nas últimas convocatorias, que nin o profesorado nin o ensino público galego se venden”, sentenciou.



A maior participación nunha folga docente desde 2009

Con respecto aos datos de asistencia á folga, tal e como se prevía, a estratexia de dividir e de confrontar o profesorado tivo os seus efectos na participación, sendo maior nos IES, nos que superou o 60%, que nos centros de infantil e primaria, en que roldou o 40%. En calquera caso, a nivel global a conclusión que se pode extraer é que **foi a de maior seguimento desde que Feijóo chegou ao poder no ano 2009.**

A CIG-Ensino criticou que a Consellaría de Educación solicitase dos centros os datos do número de persoal que secundara a folga ás 9:30 da mañá para dar unha porcentaxe de seguimento de só o 15%. Estas cifras nos centros de secundaria, FP e ensinanza de réxime especial nin se asemellan á realidade porque o profesorado que entra a primeira hora nalgúns casos non representa nin a metade do claustro.

Porén, á marxe destes datos **o verdadeiro pulso no que se mide o descontento do profesorado nunha convocatoria de folga segue sendo a asistencia á manifestación que foi histórica.** Ao remate da mesma, os tres sindicatos convocantes fixeron público un comunicado conxunto no que lle reiteraron á Consellaría que tome nota do malestar e da fartura do profesorado, rectificando e reabrindo negociacións para acometer unha baixa de ratios en todas as etapas e en prazos asumíbeis, a recuperación das 18 e 21 horas para os distintos corpos e medidas concretas para a redución da burocracia.





O profesorado galego non se vende!

DEFENDER OS NÓSOS DEREITOS E LOITAR POLO ENSINO PÚBLICO. FAGAMOLO!

O “acordo das renuncias” asinado por unha minoría sindical (CCOO, ANPE e UGT, con 7 representantes na mesa de negociación por 8 da CIG-Ensino e que ten en contra ao 59% da representación do profesorado que suman CIG-Ensino, STEG e CSIF) implica unha entrega do profesorado aos intereses da Consellaría.

Despois de máis de unha década na que todos os sindicatos tiñamos como obxectivo común a recuperación do horario lectivo previo aos recortes (18 e 21 horas) e dos dereitos laborais que implica, o que se fixo con ese pacto foi romper esa unidade de acción máis o peor de todo foi entrar no xogo da Xunta de buscar a división do profesorado.

Cando un goberno, responsábel do maior deterioro das nosas condicións de traballo, presenta un texto que denomina de “melloras” non podemos caer na trampa da linguaxe. **Mellorar que é? Que quen provocou os recortes e afogou o profesorado con sobrecarga de traballo, horarios lectivos inadmisíbeis, e que son os maiores do Estado, afrouxe agora a corda con medidas “low-cost” que non implicarán ningún esforzo orzamentario relevante? Que unha parte do profesorado teña unha mínima melloría en prazos que á maioría non o beneficiarán porque lle chegará antes a xubilación? As nosas melloras laborais deben ser xerais para o todo o profesorado e non poden pasar por menos que recuperar os nosos dereitos.**

Contra campañas de desinformación sindical, con propaganda institucional nos nosos correos, cunha ocultación noxenta nos medios públicos (RTVG) e con chamadas a boicotear a folga nas columnas de opinión no xornal máis subvencionado pola Xunta, o profesorado rebelouse e pediu que non baixemos os brazos.

**Dixémolo e reiterámolo:
por dignidade, por coherencia e por
compromiso temos que levantar a voz.**

Hai menos de un ano que todas as organizacións sindicais concorremos ás eleccións coa recuperación do horario lectivo de 18 e 21 horas, a redución de ratios e da burocracia como bandeiras. **Asumir o documento que presentou a Consellaría implica renegar da palabra dada. Non se pode aceptar un “acordo” que divide e segrega o profesorado, tanto no horario e nas ratios como nas retribucións.**

Tanto na negociación como na resposta ao acordo, a CIG-Ensino asumiu a responsabilidade que ten como sindicato maioritario e deulle e dálle voz e protagonismo a un profesorado farto de perder dereitos que ve pasar a única oportunidade real que tivemos desde os recortes executados polo PP para ser respectado como colectivo. **Cando a negociación xa non é a solución senón parte do problema, a mobilización é o único camiño.**



En que consiste o acordo de renuncias? As melloras “low-cost”

HORARIO LECTIVO DO PROFESORADO

► **Infantil e Primaria:** reduce a 23 horas lectivas no curso 2024/25. A medida, sendo positiva e indo no bo camiño, implica renunciar a completar a redución ás 21 horas que tiña o corpo de mestres en 2009.

O impacto nos centros vai ser mínimo nalgúns e practicamente nula noutros moitos. Por que? Porque **os catálogos de postos de traballo pactados no 2007 pola CIG-Ensino, a Consellaría e outros sindicatos están feitos para impartir 21 horas lectivas. Nos centros nos que se cumpre o catálogo e haxa tanto profesorado como corresponde (a inmensa maioría) non vai haber incremento de postos de traballo.**

► **Secundaria, FP e réxime especial. Non se toca o horario do resto do profesorado (case o 60% do total).** Incorpórase unha referencia a “*diferir a negociación dunha nova regulación do horario lectivo da xornada de traballo ao momento no que se aborde unha xornada de traballo de 35 horas para todo o persoal da Xunta*” cando tanto Consellaría como sindicatos asinantes coñecen que no SERGAS ou en Política Social (coa sinatura da CIG) xa se aprobou esa redución a 35 horas.

Isto implica pechar en falso unha negociación e deixar tirado a todo o profesorado: ao do corpo de mestras por renunciar á recuperación completa e ao resto do profesorado (no que a redución de horario si tería maior impacto económico e de contratación de máis efectivos) por abandonalo por completo. En conclusión, a Consellaría só cedeu no tema dos horarios naquilo que sabe que lle ten un custe mínimo e mesmo cero en moitos centros. Son as melloras low-cost.

A ALTERNATIVA DA CIG-ENSINO

Partindo da recuperación inmediata para o 2024/25 das 18 e 21 horas, amosamos a dispoñibilidade a aceptar esta redución en dous prazos que terían que figurar expresamente no acordo: curso 2024/25 con 23 horas en Infantil e Primaria e 19 no resto de ensinanzas e 21 e 18 respectivamente no 2025/26, tendo en conta as particularidades dos horarios daquelas ensinanzas nas que a duración das sesións é superior e teñen maior tempo lectivo semanal, como é o caso da FP nos CIFP's.



AS RATIOS

A redución das ratios incorporada no Acordo queda como segue:

	24/25	25/26	26/27	27/28	28/29	29/30	30/31	31/32	32/33
4º EI	20	20	20	20	20	20	20	20	20
5º EI	25	20	20	20	20	20	20	20	20
6º EI	25	25	20	20	20	20	20	20	20
1º EP	25	25	25	20	20	20	20	20	20
2º EP	25	25	25	25	20	20	20	20	20
3º EP	25	25	25	25	25	20	20	20	20
4º EP	25	25	25	25	25	25	20	20	20
5º EP	25	25	25	25	25	25	25	20	20
6º EP	25	25	25	25	25	25	25	25	20

• **Educación Infantil:** a redución a 20 comeza no 2024/25 e remata no 2026/27.

• **Educación Primaria:** a redución a 20 comeza no 2027/28 e remata no 2032/33.

• **ESO e Bacharelato:** non hai redución de momento. O acordo recolle o compromiso de negociar no curso 2026/27 un calendario de redución a 25 na ESO e 30 no Bacharelato. De seguir a mesma dinámica de redución progresiva que en Infantil e Primaria (é dicir, agardar que remate a redución nunha etapa educativa antes de comezar noutra) a redución non se completaría na ESO antes do curso 36/37. De faceren o mesmo co Bacharelato xa se irían ao curso 38/39.

• **FP, EOI, Ensinanzas de Réxime Especial:** non hai ningunha redución.

• **Hai unha “cláusula de descolgue” ou excepcionalidade:** se non se poden cumprir as novas ratios por “inexistencia de aulas” manteranse as actuais dotando ao centro dun único especialista de Educación Primaria a maiores.

que non admiten excepcións e é obriga do goberno galego ofertar o número suficiente de prazas escolares. Isto foi o que a CIG puxo como condición e o que se negaron a aceptar.

A redución das ratios debe afectar a todas as etapas educativas, desde Infantil ás ensinanzas postobrigatorias e cun calendario de aplicación breve, comezando en todas elas no 2024/25 e que non se estendese máis alá da duración da etapa.

Particularidade nas ratios

► En Infantil e Primaria:

- Se no inicio da aplicación da redución hai aulas que teñan unha ratio de entre 20 e 25 non verán incrementado o número de alumnado.

- Nas aulas que escolaricen alumnado de diferentes niveis, ciclos ou etapas aplicarase un tope inferior na ratio.


A medida de ter ratios inferiores con diferentes niveis por aula, malia ser diferente á defendida no seu día pola CIG-Ensin, foi tamén incluída na nosa proposta coa intención de achegar posturas e facilitar o acordo. Con todo, o impacto positivo desta medida coas matrículas actuais será moi reducido.

A ALTERNATIVA DA CIG-ENSINO

As novas ratios teñen que ter carácter oficial e de máximos, co mesmo valor legal que as actuais

ACORDO PARA A MELLORA DO SISTEMA EDUCATIVO DE GALICIA

E con todas as vosas liñas vermellas acabamos de facer a alfombra sobre a que estades, bo traballo!!



O USO PARTIDISTA E ELECTORAL DUN ACORDO PECHADO EN FALSO PARA SERVIR OS INTERESES DO PP E NON DO PROFESORADO CHEGOU AO EXTREMO DE MUDAR NO ÚLTIMO MOMENTO AO CONSELLEIRO POLO PRESIDENTE DA XUNTA, SENDO A PRIMEIRA VEZ NA HISTORIA QUE SE FAI TAL COUSA.

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2023

POLA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



Román Rodríguez González

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2023



O PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA

Alfonso Rueda Valenzuela

Alfonso Rueda Valenzuela

Na imaxe texto remitido o día 9 para proceder a asinar e cambio introducido a posteriori

► En Infantil e Primaria, ESO e Bacharelato:

- Non haberá supresión de unidades de se manteren por riba das ratios en aplicación (20, 25 e 30 respectivamente)
- O alumnado repetidor computará dentro da ratio
- O alumnado con discapacidade do 33%, grao I de dependencia ou trastorno grave da conduta computará como dous e co 65% ou grao II ou III computará como tres.

A redución por atención á diversidade, sendo positiva, é insuficiente. Propuxemos negociar unha relación de tipoloxías de necesidades educativas que, facendo necesaria a redución de ratio na aula, non entren dentro das estritas condicións para conseguir o recoñecemento de discapacidade ou dependencia. Para o sindicato, aquí deberían ter un papel determinante os departamentos de Orientación e os EOE.

A BUROCRACIA

A única referencia á burocracia é o **terceiro anuncio en menos de 9 meses de que se vai crear un grupo de traballo para elaborar un plan** de simplificación das tarefas burocráticas a implantar no curso 2024/25. Non hai ningunha medida concreta.

A CIG-Ensino propuxo medidas concretas que non se limiten a melloras técnicas de xestión: aumentar a liberación horaria de cargos directivos, coordinacións didácticas ou titorías, e dotar a todos os centros con máis persoal administrativo, mellorando a ratio actual cun obxectivo claro: reducir a burocracia que non nos corresponde e ter máis tempo para a que inevitablemente temos que facer.

RETRIBUCIONS

Os empregados e empregadas públicas **levamos anos perdendo poder adquisitivo**, con acordos sindicais ou sen eles. Actualmente seguimos igual tras o último acordo de CCOO e UGT co goberno español. **Desde xaneiro de 2022 perdemos, malia as subas, un 2,7% fronte á carestía da vida.** Este é o foro onde as nosas retribucións deben mellorar: recuperando o que nos arrebataron (seguimos sen cobrar as pagas extras íntegras) e igualando os salarios co IPC (como propuxo a CIG coa cláusula de revisión salarial).

As subas retributivas usáronse neste acordo, como vén sendo habitual nos gobernos do PP, para

comprar vontades e evitar asumir outras melloras laborais, como fixeron co acordo da suba miserábel de 2018 ás portas dunhas eleccións sindicais que despois foi rexeitado polo profesorado nas urnas.

Agora, todo foi a peor. É a primeira vez desde 1990 no que se incorpora no acordo unha suba que segrega e divide o profesorado.


Máis dunha cuarta parte do profesorado non se verá afectado no presente curso pola suba dos sexenios. A inmensa maioría do profesorado, o 74% (até 3 sexenios), terá unha suba inferior á proposta de reparto lineal formulada pola CIG-Ensino.

	2024	2025	TOTAL	ACUMULATIVO EN BRUTO
0 sexenios	€ 0,00	€ 0,00	€ 0,00	
1º sexenio	€ 6,88	€ 7,57	€ 14,45	Incremento de 6,88€ no 2024 e 14,45€ no 2025
2º sexenio	€ 8,84	€ 9,73	€ 18,57	Incremento de 15,72€ no 2024 e 33,02€ no 2025
3º sexenio	€ 11,79	€ 12,97	€ 24,77	Incremento de 27,52€ no 2024 e 57,59€ no 2025
4º sexenio	€ 16,70	€ 18,37	€ 35,08	Incremento de 44,22€ no 2024 e 92,86€ no 2025
5º sexenio	€ 4,91	€ 5,40	€ 10,32	Incremento de 49,13€ no 2024 e 103,18€ no 2025

A suba destinada a **inspeccións, cargos directivos e persoal asesor** da Consellaría, por un total de **60€ en tres anualidades** (20€ de suba en 2024, 2025 e 2026) afecta, como é obvio, a unha reducida porcentaxe de docentes, que **non chega ao 12% do total**. Incorpora ás persoas **responsábeis de centros de Infantil e Primaria de menos de 3 unidades**, unha demanda de vello da CIG-Ensino que, non por afectar a un número moi reducido de persoas, deixa de ser positivo.

A única contía que se aplicará a todo o profesorado está vinculada ao complemento de función titorial, creado no ano 2007 no maior acordo retributivo docente pactado e que contou co aval da CIG-Ensino e no que se incorporou este complemento para poder elevar a **suba naquel momento aos 150€ para todo o profesorado**. Nesta ocasión non se optou por facer unha suba lineal e dun xeito vergoñento se aplica unha **suba de 10,64€ a pagar en dous prazos: 5,07€ no 2024 e outros 5,57€ no 2025**.

A CIG propuxo que todo o diñeiro que a Consellaría comprometía como incremento se repartise entre todo o profesorado e que o recoñecemento, totalmente necesario, á maior responsabilidade de cargos directivos chegase pola vía dunha maior redución de horario lectivo. Con todo, o sindicato non entrou no xogo de converter a parte retributiva no centro do debate e puxo claro desde o comezo que priorizaba as 3 grandes demandas do profesorado (horario, ratios, burocracia).



Aplicación da proposta da CIG de reparto lineal retributivo para todo o profesorado

Titoría	Reparto lineal da suba sexenios	Reparto lineal da suba a cargos e persoal asesor	TOTAL
€ 10,64	€ 62,97	€ 7,39	€ 81

OUTRAS MEDIDAS

A Consellaría recolleu parcialmente no documento final algunhas propostas feitas pola CIG-Ensino mais non como o sindicato demandaba.


Aceptan **duplicar as axudas por formación mais non incorporan que os fondos para estas axudas se trasladarían a outras partidas, nomeadamente para o incremento das licenzas por formación.** Actualmente **só se gasta aproximadamente un 20% do total do diñeiro** destinado a reintegros

por formación. Duplicar a contía só vai implicar un engano se eses cartos non se poden recuperar para formación.

As licenzas de formación non retribuídas, eliminadas polo PP hai anos, eran unha demanda de vello da CIG-Ensino e como tal vémosla positiva. Como é obvio en toda esta negociación, a Consellaría incorpora o que non lle custa cartos e non fai o mesmo coas licenzas por estudos retribuídas, que é un dereito que tamén vimos recortado hai anos.



A CIG-Ensino considera que o profesorado perdeu unha oportunidade única para recuperar os dereitos roubados nos últimos anos e responsabiliza tanto á Xunta como aos seus cómplices necesarios por asinarlle un acordo que non cumpre coas necesidades do ensino público galego, polo que anima a todo o colectivo docente a continuar coa presión e as mobilizacións como o único camiño real para avanzar e non ceder á chantaxe da administración.



A negación da negociación colectiva e da representación do profesorado

A todas e todos resúltanos familiar a expresión tan querida polo PP de “pacto de perdedores”. Semella que cando lle interesa, tanto nas institucións como na negociación cos sindicatos, as maiorías xa non son tan determinantes e se admite sen problema. O resultado da negociación do “acordo” implica que a Xunta non recoñece a vontade do maioría sindical na mesa de negociación.

É importante ter presente como se produciu a negociación e mesmo como se puxo o broche final.

O PROCESO DO “ACORDO”

Desde o primeiro minuto da negociación foron enormes as diferenzas que nos separaron de CCOO, ANPE e UGT: entrar no xogo da Consellaría e ir á baixa desde o comezo xa condicionaba unha negociación na que só a CIG-Ensino entendía que a forza da parte sindical debía estar na firmeza na negociación e na mobilización se esta non avanzaba.

Xusto cando comezou a negociación estaba convocada unha reunión de todos os sindicatos a instancias da CIG-Ensino para promover mobilizacións e folga se se estas non comezaban con carácter inmediato. A convocatoria da Mesa Sectorial abortou esa reunión. O lóxico, desde a nosa óptica sindical, sería que unha negociación que non dá os resultados pretendidos e que borra as “liñas vermellas” tivese que conducir a unha **posición de forza**, a levantarse da mesa e **non dar por boa a proposta da Xunta mentres non a obrigásemos a incorporar as medidas que os catro sindicatos asegurabamos defender**. Estar como estamos ás portas dunhas eleccións autonómicas reforzaba a posición sindical se esta se quere expresar coa presión do profesorado a quen representa.

Na negociación xogouse coa chantaxe, chegando a afirmar a Consellaría (en resposta á pregunta claramente retórica e amañada dalgún sindicato), que non se aplicarían as propostas se ningún sindicato tragaba. **Esa chantaxe, impresentábel e carente por completo de decencia, era pura mentira**. Vexamos:

- O funcionariado non ten dereito, por lei, á negociación colectiva: os gobernos teñen a obriga de negociar mais non de chegar a acordos. Son innumerábeis os exemplos de medidas que se adoptan sen contar co respaldo de ningún sindicato. Unha vez máis, a Xunta usou unha minoría sindical para sacar adiante os seus propósitos. Se houbese dereito á negociación colectiva este pacto de

vergoña non se podería producir, o que implicaría colocar á Xunta nunha clara posición de debilidade.

- Alguén pode crer que ás portas dunhas eleccións autonómicas, con Rueda en plena campaña usando ao seu proveito sobre todo os medios públicos para darse a coñecer e vender unha imaxe amábel, **a Xunta ía dar marcha atrás nun tema como a redución das ratios?** Sobre todo porque, tal e como desmontou a CIG-Ensino durante o proceso de negociación, a súa proposta de cara á galería semella que ten certa relevancia social pero, que tal e como está plantexada, apenas lle vai supoñer custe á administración.

- Para entender o xogo da “chantaxe como coartada” hai que mirar ao outro lado da mesa de negociación: **hai un sindicalismo que só sabe vivir de asinar acordos aínda que estes supoñan enterrar as “liñas vermellas” que con brocha gorda trazaron só unha horas antes**. É un sindicalismo acomodado e pactista que evita a confrontación como se fose a peste e ao que recorre a administración para evitar que as medidas que adopte sexan coa oposición frontal do profesorado. Sen esta complicidade o escenario actual sería moi diferente.

Deixando a un lado as enormes diferenzas na negociación, **a CIG-Ensino apelou ao resto de sindicatos na última intervención na Mesa a non deixar tirado ao profesorado**, a non ceder a chantaxes nin aceptar que sexa a Consellaría a que decida cando, como e que se negocia.

O luns 9 de outubro todos os sindicatos recibimos o documento final da Consellaría, que non incorporaba ningunha novidade ao respecto do anunciado na reunión do venres 6. **A CIG-Ensino dirixiu un escrito aos demais sindicatos reiterando o ofrecemento a loitar conxuntamente cunha convocatoria de folga contra a negativa da Consellaría a que recuperemos os nosos dereitos obtendo o silencio por resposta.**



DE LIÑA VERMELLA A ALFOMBRA VERMELLA

A decisión de CCOO, ANPE e UGT rompe un dos escasos puntos nos que había unha posición sindical conxunta e provoca a división do profesorado e a renuncia a recuperarmos os nosos dereitos. O nivel de descontento é absoluto e a CIG-Ensino non pode nin debe calar a súa crítica a esa complicidade para traizoar o profesorado, faltando mesmo aos seus propios compromisos.

Os programas electorais, as comparecencias diante dos medios a comezos de curso falando de folga e de mobilizacións e as liñas vermellas que trazaron nas tres reunións desta farsa acelerada non deixan lugar a dúbidas e retratan a quen logo as converteron nunha alfombra vermella sobre a que pisase o Sr. Rueda.

É a primeira vez na historia das relacións laborais coa Consellaría de Educación que un presidente da Xunta asina un acordo. Nin Fraga nin Touriño nin Feijóo se atreveron a deixar a un lado ao conselleiro ou conselleira de Educación. Só se pode interpretar como produto da necesidade do PP de promocionar ao actual presidente nunha hiperactividade electoral indisimulada e para cal houbo quen colaboraron con gusto como figurantes. **Para iso apuraron a negociación pechándoa en falso en apenas 5 días.**

Con todo, non nos enganemos: por moito que sexa censurábel a actuación deste trío sindical **a última**

responsabilidade tena o goberno que impuxo o deterioro das nosas condicións de traballo e que agora nega a recuperación dos nosos dereitos.

O papel da CIG-Ensino, unha vez que se formalizou o “acordo das renuncias” foi o de manter a convocatoria de folga anunciada se este se producía. Para levala a cabo convocou unha reunión cos demais sindicatos con representación (a quen tamén lles ofrecera a Consellaría sumarse á sinatura e que o rexeitaran abertamente) para sumarse a esta mobilización e buscar unha fronte de acción conxunta. Os tres sindicatos convocantes da folga do pasado 24 de outubro estableceron un acordo de mínimos para exixirle á Consellaría que pivotaba sobre os seguintes obxectivos:

- 1.- Recuperación dos horarios de 18 e 21 horas nun máximo de 2 cursos.**
- 2.- Redución das ratios en todas as ensinanzas, comezando no 2024/25 e con aplicación como máximo no remate de cada etapa.**
- 3.- Aplicación de medidas inmediatas (curso 2024/25) para a redución da burocracia: aumento das horas de liberación para cargos directivos, de coordinación e tutoría e aumento de persoal administrativo.**
- 4.- Reparto lineal da masa salarial comprometida pola Consellaría entre todo o profesorado.**

As Verdades do acordo!

	Horarios	Ratios	Burocracia
Antes dos recortes da Xunta	18 horas lectivas en Secundaria e 21 en Primaria	Os legalmente establecidos mais con numerosos desdobres no alumnado de Secundaria	Non era a situación ideal mais tiñamos maior dispoñibilidade horaria para afrontar unha carga burocrática moito menor que a actual
Agora	20 horas lectivas en Secundaria e 25 en Primaria	Os legalmente establecidos mais sen permitir desdobres	Todo o profesorado farto de burocracia innecesaria e sen horario para poder realizar a realmente necesaria
Acordo asinado	20 horas lectivas en Secundaria e 23 en Primaria. Difírese a negociación da regulación horaria do profesorado ao momento no que se negocie a redución a 35 horas para todo persoal da Xunta, cando no SERGAS xa se reduciu hai meses e a propia Xunta negou esta semana a apertura destas negociacións no ámbito da administración xeral e afirmou que a sinatura do acordo en Educación xa dá cumprida resposta ás demandas	20 por aula en educación infantil a aplicar en 3 cursos, 20 en Primaria en nove anos, 25 na ESO e 30 no Bacharelato sen que se negocie o calendario de aplicación até, como mínimo, tres cursos e sen fixar data de remate da redución. Ningunha redución nas demais ensinanzas	Non se recolle ningunha medida efectiva e de aplicación no curto prazo e todo queda en constituír un "grupo de traballo"
Proposta da CIG-Ensino	19 horas en Secundaria e 23 en Primaria para o curso que vén e 18 e 21 horas respectivamente para o curso 2025/2026	Redución das ratios, de carácter legal, de máximos e sen excepcións, para todas as ensinanzas a partir do curso que vén. 20 en EI e Primaria e 25 en ESO e Bacharelato, con outras particularidades na FP e nas ensinanzas de réxime especial.	Medidas concretas para reducir a burocracia xa, con maior liberación horaria para realizala e coa contratación de persoal administrativo para todos os centros, ambas medidas con ampliación en función do número de alumnado

Retribucións.

Para a CIG-Ensino non era un apartado fundamental neste acordo, mais propuxemos un reparto lineal para todo o profesorado, -desde o ano 1990 non se asina ningún acordo de suba salarial que non sexa lineal-. Cos cartos que a propia Consellaría vai dedicar a todas as subas (desde os vergoñentos 10€ para todo o profesorado até os sexenios ou os destinados a cargos) a CIG-Ensino ten calculado que se podería facer unha suba lineal de 81€ para cada docente.



Cal foi a proposta concreta da CIG-Ensino?

A CIG-Ensino formulou unha contraproposta realista, flexíbel e xusta desde o momento en que na negociación se puxo enriba da mesa o horario lectivo, é dicir, na terceira reunión que, tal e como se puido comprobar despois foi na que a Consellaría xa tiña marcados os seus límites definitivos. O documento publicado o día anterior para coñecemento de todo o profesorado e aberto ás súas achegas respondía aos tres grandes temas nos que estaba aberta a negociación aínda que tamén incorporaba outras demandas como a recuperación do pago do verán ao persoal substituto.



RECUPERACIÓN DO HORARIO LECTIVO

Con efectos do **curso 2024/25** o horario do profesorado galego será de **18 períodos lectivos nos etapas educativas da ESO, Bacharelato, FP e ensinanza de Réxime Especial** e de **21 períodos lectivos en Infantil, Primaria e Educación Especial**, recuperando por tanto os horarios existentes antes dos recortes de 2010 e 2012.

Para homologar as condicións de traballo do profesorado que imparte docencia nos **CIFPs** **modificarase a duracións das sesións lectivas para igualalas cos IES ou**, caso de que se manteñan os 60 minutos, **compensarase cunha redución total das sesións lectivas**, fixando un cómputo semanal idéntico ao dos IES.

REDUCCIÓN DE RATIOS

A administración educativa publicará nun Decreto as novas ratios fixadas, que terán carácter de máximos, coa mesma **efectividad legal** que as actuais.

A existencia de **alumnado repetidor** non pode implicar un aumento de ratio.

No período de aplicación desta redución, a Consellaría garantirá o incremento de profesorado suficiente para poder **atender excepcións vinculadas coa inexistencia de espazo no centro**, garantido unha ratio alumnado/docente non superior á nova ratio.

Educación Infantil

- Redución a 20 no curso 24/25 en toda a etapa
- Redución a 15 no curso 27/28 en toda a etapa

Educación Primaria

- 1º-2º EP. Redución a 20 no curso 24/25
- 3º-4º EP. Redución a 20 no curso 25/26
- 5º-6º EP. Redución a 20 no curso 26/27

Aulas mixtas

Contemplarase unha redución de ratios nas aulas que escolaricen alumnado de varias idades, ben sexan de diferentes niveis ou etapas educativas, tanto no caso de agrupamentos por insuficiente matrícula como no caso de proxectos educativos solicitados polos centros e autorizados pola inspección educativa.

- **Do mesmo ciclo: 14**
- **De máis de un ciclo: 12**
- **De toda unha etapa: 10**

Naqueles centros nos que esta ratio non se poida garantir por falta de alternativa de escolarización, reforzarase cunha mestra ou mestre de apoio, respectando a citada ratio alumnado/docente.

Educación Especial e Atención á Diversidade

- **Redución a 4 por aula nos Centros de Educación Especial e nas aulas específicas**, os grandes esquecidos deste acordo.
- **O número total de alumnado con NEAE**, en función do que se determine previa negociación e fixación de criterios e requisitos, **debe implicar o reforzo de profesorado especialista de apoio nos**

cadros de persoal (PT, AL segundo corresponda) a maiores dos mínimos fixados no catálogo de postos de traballo, conseguindo deste xeito a redución de alumnado por docente.

- **A fixación de profesorado de PT e AL**, partindo do actual acordo de catálogo de postos de traballo, estará vinculada, por riba do que se fixa nos cadros de persoal, **polo número de alumnado con necesidades e a tipoloxía destas**.

- **A dotación de orientadores e orientadoras nos centros educativos incrementárase** até cumprir as recomendacións da UNESCO dunha **ratio de 250 alumnos e alumnas por cada posto de traballo**.

- **A existencia nunha aula de alumnado con necesidades educativas debe implicar unha redución da ratio ordinaria en calquera das etapas educativas**, mediante un informe vinculante do Equipo de Orientación Específico, previa solicitude do centro a través do departamento de Orientación.

ESO e Bacharelato

Redución da ratio a 25 en todos os niveis.

- **Curso 24/25:** aplicación en 1º- 3º da ESO e 1º de Bacharelato

- **Curso 25/26:** aplicación en 2º- 4º da ESO e 2º de Bacharelato

Formación Profesional

- **Redución a 25 e 20 en función da tipoloxía das ensinanzas de cada ciclo**, previa negociación na Mesa Sectorial.

- **Redución a 30 na modalidade a distancia.**

- **Redución a 15 na FP Básica.**

Calendario de aplicación:

- **Curso 2024/25 en 1º e 2025/26 en 2º na modalidade ordinaria.**

- **Curso 2024/25 para todos os módulos das modalidades de adultos e a distancia.**

Ensinanzas de Réxime Especial

Redución da ratio a 25 en todos os niveis nas Escolas Oficiais de Idiomas.

Nas ensinanzas de artes plásticas e deseño e estudos musicais e artísticos, naquelas materias que non impliquen a atención en grupos reducidos, aplicarase o mesmo criterio que na FP.

REDUCCIÓN DA BUROCRACIA

A simplificación das tarefas burocráticas afrontárase inicialmente con **dúas medidas de carácter inmediato a aplicar desde o curso 24/25:**

- **Incremento da redución horaria**, en función da maior carga burocrática e das tarefas extraacadémicas que teñan, para **cargos directivos**,

coordinacións e xefaturas así como titorías.

- **Extensión a todos os centros de persoal administrativo e modificación da normativa vixente (Circular 1/1994) que fixa a ratio de persoal non docente segundo o alumnado de cada centro**, previa negociación sindical.

No caso dos CIFPs cómpre repensar a utilidade do sistema de calidade e reverter a súa externalización.

INCREMENTOS RETRIBUTIVOS

O montante da suba salarial proposta para o incremento do complemento de sexenios e de desempeño de órganos unipersoais de goberno e asimilados (inspeccións, direccións e asesorías técnicas da Consellaría), así como o destinado a aumentar o complemento de titoría incorporado na terceira reunión da negociación destinarase a un incremento salarial de carácter universal e lineal no **complemento específico das nóminas docentes**.

Este incremento tería efectos en **dous prazos: 50% o 01/01/2024 e restante 50% o 01/01/2025**.

O pagamento do verán para o persoal substituto que traballe cinco meses e medio estará de novo vixente a finais deste curso académico.

OUTRAS MEDIDAS

Partindo do cumprimento do indicado no apartado “Redución da burocracia”, **a Consellaría negociará na Mesa Sectorial no presente curso un plan de xestión simplificada de tarefas burocráticas.**

Nesta negociación tamén se fixará o **incremento da redución horaria para cargos unipersoais de goberno, coordinacións didácticas e titorías**, tal e como demandan cada vez máis os centros educativos.

As **reunións de forma telemática**, por decisión do claustro, **deberán garantir a presencialidade daquel profesorado que así o solicite**. En todo caso, **reforzarase a coordinación pedagóxica e o traballo en equipo en todas as etapas educativas.**

A Consellaría de Educación **duplicará o importe das axudas por formación (“reintegros por formación”)**, incorporando na orde que as regule anualmente que os fondos destinados a estas axudas que non se gasten se dirixirán a outras partidas, nomeadamente para o **financiamento das licenzas por formación**.

O PROFESORADO NON SE VENDE

RATIOS

Nov
xoves
09

**PROTESTAS
NOS CENTROS**

HORARIOS

Nov
martes
14

**CONCENTRACIÓN
NAS CIDADES**

Nov
domingo
19

**MANIFESTACIÓN
NACIONAL**

BUROCRACIA

Nov
martes
28

RETRIBUCIÓN

FOLGA

**NOVEMBRO DE LOITA
POLOS NOSOS DEREITOS**

O PROFESORADO NON SE VENDE



RATIOS



HORARIOS



BUROCRACIA



RETRIBUCIÓN